

MEMORIA TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE FORMACIÓN EN PATRIMONIO CULTURAL PARA O ANO 2026

Elvira María Casal García, secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude está tramitando co Consello Xeral do Poder Xudicial o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia, por medio da Escola Xudicial e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para a realización dun curso formativo relacionado co patrimonio histórico dirixido ós membros da carreira xudicial e extensivo ao persoal técnico da citada consellería.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

- O artigo 122 da Constitución Española establece que o Consello Xeral do Poder Xudicial é o seu órgano de goberno e será presidido polo presidente do Tribunal Supremo. Así mesmo, o artigo 104.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (en diante LOPX), dispón que o goberno do poder xudicial corresponde ó Consello Xeral do Poder Xudicial, que exerce as súas competencias en todo o territorio nacional, e o seu presidente, de conformidade cos artigos 105, 585 e 598 da propia LOPX, é a primeira autoridade xudicial da nación e ostenta a representación do poder xudicial e do seu órgano de goberno.
- O Consello Xeral do Poder Xudicial entre as súas funcións constitucionais de goberno do poder xudicial, ostenta a exclusiva competencia en materia de formación inicial e continuada de xuíces e maxistrados en virtude do disposto no artigo 560.1.7ª da LOPX, para cuxo exercicio, de acordo co previsto no artigo 433bis.4 LOPX, pode colaborar con entidades e organismos.



- Que corresponde á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co establecido no artigo 5 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a xestión dos plans de formación de persoal da Consellería.
- A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu artigo 122 establece as obrigas da Xunta de Galicia en materia de difusión, formación e educación, determinándose no seu punto 3 que "promoverá a formación, a ensinanza especializada e a investigación nas materias relativas ó estudo, á conservación e ó enriquecemento do patrimonio cultural e establecerá os medios de colaboración adecuados para este fin coas universidades e os centros de formación e investigación especializados".
- Que desde o ano 2021 vense subscribindo un convenio anual entre ambas institucións para a realización dun curso formativo relacionado co patrimonio histórico.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do acordo, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asíñase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

